

**EXPTE. N°: 3/PC16/OBRAS/2016: "MELLORA DO ALUMEADO PÚBLICO NO LUGAR DE ARNOSA-VILALONGA"- LINHA 1**

**ASUNTO: RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN**

**RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

Vista a proposta do concelleiro de Servizos, Mantemento, Patrimonio e Participación Cidadá de data 8 de setembro de 2016, que a continuación se transcribe:

**"ASUNTO: PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN**

Á vista da proposta desta concellería de Servizos, Mantemento, Patrimonio e Participación Cidadá sobre a incoación do expediente de contratación das obras de referencia, de data 30 de xuño de 2016, que de xeito literal di:

*"Aprobado o proxecto, por resolución da alcaldía de data 29/06/16 e asinada a acta de replanteo polo enxeñeiro técnico municipal o día 30/06/16, propongo:*

- 1) *A incoación do expediente do Plan Concellos 2016 "Mellora do alumado público no lugar de Arnosa-Vilalonga", cun orzamento de trinta mil corenta e dous euros con oitenta e seis (30.042,86 €), IVE engadido.*
- 2) *Solicitar ás empresas que se relacionan de seguido, para optar a contratación das obras sinaladas.*

*SETGA S.L: Lg/San Caetano, nº2 – 36157 Alba (Pontevedra), Teléfono 986871425, Fax 986871414. Correo electrónico: [setga@setga.es](mailto:setga@setga.es)*

*Instalaciones Eléctricas de Sanxenxo S.L (INELSA, S.L): Lg/Aios, 83, Noalla 36990 Sanxenxo (Pontevedra), Teléfono 986727024, Fax 986724379. Correo electrónico: [inelsa@inelsa.com](mailto:inelsa@inelsa.com)*

*Industrial de Electricidad de Caldas, S.L (INDELCA,S.L.): C/Fermín Mosquera, nº 17, Bajo. 36650 Caldas de Reis(Pontevedra). Teléfonos: 654804934; 986541095. Correo electrónico: [jbarreira@indelca.com](mailto:jbarreira@indelca.com).*


*Tecnelsa S.L.: Lg/Empalme, 14, Vilalonga, 36990 Sanxenxo (Pontevedra). Teléfonos: 606552315; 627564855. Correo electrónico: [tecnelsasl@hotmail.com](mailto:tecnelsasl@hotmail.com).*

Cun orzamento de execución das obras de **trinta mil corenta e dous euros con oitenta e seis (30.042,86 €)**, IVE engadido, e cun prazo establecido no proxecto técnico para a correcta execución das obras de TRES (3) SEMANAS, son invitadas as catro empresas mencionadas, presentando ofertas ás tres empresas seguintes cos prezos e prazos que describense a continuación:

1. INDELCA, S.L: que tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello o día 05/07/16 co nº 7136, que oferta realizar as obras polo prezo de 24.034,28 €, IVE engadido, no prazo de 30 días laborales.
  2. SETGA, S.L: que tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello o día 06/07/16 co nº 7215, que oferta realizar as obras polo prezo de 27.000,00€, IVE engadido, no prazo de 6 días.
  3. INELSA,S.L: que tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello de Sanxenxo o día 08/07/16 co nº 7350, que oferta realizar as obras polo prezo de 29.591,64€, IVE engadido, no prazo de 3 semanas.

À vista das ofertas apresentadas, resulta que:

- A) INDELCA, S.L., é a oferta máis económica, dado que respecto ao presuposto proxectado presenta unha baixa de 6.008,58 euros, porén o prazo de execución ofertado (30 días laborables), é superior ao estipulado no proxecto técnico (3 semanas).
  - B) SETGA SL, é a segunda oferta máis económica, presentando unha baixa respecto do orzamento do proxecto de 3.042,86 euros, e oferta realizar a obra nun prazo de 6 días.
  - C) INELSA SL, resulta ser a oferta máis desventaxosa, tanto en termos económicos, posto que presenta unha baixa respecto ao orzamento proxectado de 451,22 euros, como no que respecta ao prazo de execución da obra, posto que oferta realizar os traballos no prazo proxectado (3 semanas).



Visto o anteriormente exposto, esta concellería, previa fiscalización crítica da Intervención Xeral propón á Alcaldía:

**Adxudicar o contrato das obras de “MELLORA DO ALUMEADO PÚBLICO NO LUGAR DE ARNOSA-VILALONGA”, á empresa “SETGA, S.L”, que resulta ser a segunda oferta co prezo máis baixo e oferta realizar os traballos dentro do prazo estipulado no proxecto técnico, polo importe de VINTE E SETE MIL EUROS (27.000,00€), IVE engadido, e unha duración de SEIS (6) DÍAS.**

Sanxenxo, 8 de setembro de 2016.

En data 14 de setembro de 2016 o Interventor Xeral, conformou a proposta anteriormente transcrita, non obstante, dado que a empresa á que se propón adxudicar o contrato non é a que presentou a oferta máis económica, este conforme está condicionado, a se o factor tempo é imprescindible á hora da súa adxudicación, debéndose, por elo, emitir informe técnico ao respecto.

Á vista do anterior, o enxeñeiro técnico municipal, en data 20 de setembro de 2016, emitiu o informe técnico que se transcribe a continuación:

## “INFORME TÉCNICO”

O Técnico que subscribe redactou en febreiro de 2016 o proxecto denominado “MELLORA DO ALUMEADO PÚBLICO NO LUGAR DE ARNOSA-VILALONGA”, dotado cun importe de 30.042,86 € (IVE incluído) e cun prazo de execución de **TRES (3) SEMANAS**.

Vistas as ofertas presentadas para a execución da obra de referencia, o Técnico que subscribe INFORMA:

No cadro que se achega, realizase un comparativo das ofertas económicas e o prazo de execución ofertados por cada un dos licitadores:

LICITADOR	PREZO OFERTADO (con IVE)	PRAZO EXECUCIÓN OFERTADO
INDELCA, S.L.	24.034,28 €	30 días laborables
SETGA, S.L.	27.000,00 €	6 días
INELSA, S.L.	29.591,64 €	3 semanas

Das tres ofertas presentadas, a correspondente á INDELCA, S.L. oferta un prazo de execución das obras de 30 días laborables, **O CAL DUPLICA O PRAZO DE EXECUCIÓN DE 3 SEMANAS ESTABLECIDO NO PROXECTO** (que se corresponden con 15 días laborables).

O proxecto técnico está redactado e concibido para levar a cabo o desmonte da totalidade da instalación de alumeadoo público existente e a posterior instalación dun novo alumeadoo, sen que o proxecto contemple ou inclúa dentro das súas unidades de obra, ningún tipo de actuación complementaria encamiñada a manter en funcionamento o servizo durante a execución das obras.

Isto leva aparellado que durante a execución das obras, o vial afectado atoparase sen servizo de iluminación pública.

Dado que na zona afectada atópanse varias vivendas e dúas importantes instalacións industriais, non é recomendable prolongar o prazo de execución das obras contemplado no proxecto redactado ao efecto (mais ben todo o contrario, deberíase na medida do posible, reducir ao máximo), todo elo en aras de garantir a seguridade da zona afectada, tanto para o tráfico rodado como para o peonil.

Polo tanto, o que subscribe, como Técnico redactor do proxecto e director das obras a executar, aconsella non superar o prazo de execución establecido no proxecto redactado ao efecto.

Todo elo a salvo de mellor criterio da Superioridade.

E para que conste, a petición do Concelleiro de Servizos, Mantemento, Patrimonio e Participación Cidadá, asínase o presente informe en Sanxenxo a 20 de setembro de 2016.

O Enxeñeiro Técn. Municipal - Asdo: José María Troncoso Viñas. ....

**Vistos os antecedentes expostos, no uso das súas atribucións, esta alcaldía, resolve:**

**Primeiro:** Adxudicar o contrato das obras de "MELLORA DO ALUMEADO PÚBLICO NO LUGAR DE ARNOSA-VILALONGA", á empresa "SETGA, S.L", que resulta ser a segunda oferta co prezo máis baixo e oferta realizar os traballos dentro do prazo estipulado no proxecto técnico, polo importe de VINTE E SETE MIL EUROS (27.000,00€), IVE engadido, e unha duración de SEIS (6) DÍAS.

**Segundo:** Aprobar o gasto, con cargo á partida orzamentaria 16500 / 62300 por un importe de 27.000,00 Euros (IVE engadido).

**Terceiro:** *No prazo máximo de cinco (15) días hábiles* a contar dende o seguinte ao da notificación desta resolución, **formalizarse en documento administrativo o contrato respectivo**, no que se deberá integrar o prazo de garantía dun ano, a contar dende a data do remate das obras. Ao ser un contrato menor non existe depósito da garantía, porén no suposto de detectarse deficiencias nas obras executadas antes do remate do prazo da garantía o adxudicatario deberá subsanar as deficiencias detectadas polos técnicos municipais. De non ser así esta alcaldía aprobará a liquidación correspondente a nome do contratista polo importe das deficiencias existentes na obra, que deberá abonar co fin de que a administración local sufrague estes custos.

**Cuarto:** Unha vez formalizado o contrato e antes do comezo das obras, o contratista elaborará e presentará no Rexistro Xeral do Concello, no prazo de **quince (15) días naturais** dende a firma do contrato, un **Plan de Seguridade e Saúde** na execución da obra, en aplicación do Estudio de Seguridade e Saúde que figura no proxecto de execución da obra e que reunirá os requisitos establecidos no art.7 do R.D. 1627/97, do 24-X, que establece as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras. O Plan, previamente informado polo Coordinador de Seguridade e Saúde, aprobarase, se procede, pola alcaldía ou concelleiro/a en quen delegue, facéndose constar que sen esta aprobación non poderán comezarse as obras, sendo por conta do contratista calquera responsabilidade derivada da execución das obras sen a aprobación do Plan.

**Quinto:** Dentro do prazo de **quince (15) días naturais** dende a formalización do contrato o Director procederá, en presencia do contratista, a efectuar a **comprobación do replanteo**, estendéndose acta do resultado que asinarase polas dúas partes, remitíndose un exemplar da mesma ao órgano de contratación.

**Sexto:** O órgano de contratación **deberá comunicar aos técnicos provinciais**, designados para o seguimento desta obra, **cun mínimo de SETE (7) DÍAS NATURAIS, a data, hora e lugar do acto de comprobación do replanteo das obras**, para que poidan estar presentes. De acordo ao disposto na comunicación da Deputación Provincial, que tivo entrada neste concello o 26 de xullo de 2016 co nº 8002, será o Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación,

Don Eugenio J. Marcote Carballo ou o Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, Don Sergio F. Bastianello, aos que se lle comunique o anteriormente sinalado, a través dos seguintes correos electrónicos:


eugenio.marcote@depo.es  
608.69.64.46

sergio.bastianelli@depo.es  
669.33.52.45

**Séptimo: Deixar ser efecto parcialmente o disposto no punto segundo da parte dispositiva da resolución da alcaldía de data 29 de xuño de 2016**, de designación de director de obra e de representante do Concello para a recepción da mesma. A estos efectos, **modifícase o nomeamento do representante do Concello para a recepción da obra, debendo ser o Arquitecto Municipal, Don Rafael Vázquez Abal**, e non o Enxeñeiro Técnico Municipal, Don José María Troncoso Viñas, o facultativo do Concello quen recepcione esta obra.

Dada en Sanxenxo a once de outubro de dous mil dezaseis.

O alcalde  
  
Gonzalo Gonzalo Pita

ante min, o secretario xeral  
  
Ángel Luis López Pita